

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

- 8683** *Real decreto 705/2020, do 28 de xullo, polo que se modifican o Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro; o Real decreto 1460/2009, do 28 de setembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, e o Real decreto 597/2015, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, para actualizar a composición dos órganos de cooperación internacional para o desenvolvemento sustentable.*

A disposición derradeira primeira do Real decreto 768/2017, do 28 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e se modifica o Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, suprimiu a Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, con rango de subsecretaría, órgano directivo até entón dependente da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica, e creou a Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable, a que se atribuíron as competencias do órgano suprimido.

Esta estrutura orgánica veuse mantendo nas sucesivas reestruturacións dos departamentos ministeriais, incluído o vixente Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, e o Real decreto 644/2020, do 7 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

A creación en 2011 da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a supresión da Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento fixo conveniente dar cabida ao novo órgano en varios órganos da cooperación internacional. As mesmas razóns de seguridade xurídica aconsellan agora determinar que órgano asume as competencias asignadas á Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento no Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro, ademais de articular a presenza da Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable. Estes motivos aconsellan, así mesmo, actualizar a composición dos comités executivos de dous fondos carentes de personalidade xurídica: o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento e o Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, regulados, respectivamente, polo Real decreto 1460/2009, do 28 de setembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, e o Real decreto 597/2015, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento. Paralelamente, a nova estrutura dos departamentos ministeriais fai aconsellable actualizar a composición do Consello Reitor da Axencia e dos comités executivos dos dous fondos citados con obxecto de evitar interpretacións diverxentes.

Por outra parte, o impulso e a visibilidade que o Goberno pretende dar á cooperación internacional para o desenvolvemento sustentable concretouse na recuperación da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional no seo do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. Porén, persiste a indefinición do rango da persoa titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o

Desenvolvemento, xa que o vixente artigo 14 do seu Estatuto se limita a sinalar que terá a consideración de alto cargo, sen concretar o seu rango. Faise necesario rematar con esta indefinición e coas posibles interpretacións dispares, homologando o seu rango ao que tivo no seu momento a Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

A modificación do Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro, ten o seu fundamento na habilitación legal contida no artigo 93.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dos cales se desprende que as modificacións dos estatutos da AECID se aprobarán mediante real decreto do Consello de Ministros por proposta conxunta do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, do Ministerio de Facenda e do ministerio a que o organismo estea vinculado ou do cal sexa dependente.

A modificación do Real decreto 1460/2009, do 28 de setembro, ten o seu fundamento na habilitación legal contida na disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, onde se sinala que a administración do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento a levará a cabo un órgano administrativo dependente da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional cuxa composición e funcionamento se establecerán regulamentariamente.

Por último, a modificación do Real decreto 597/2015, do 3 de xullo, ten o seu fundamento legal xeral na habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, que habilita o Goberno para establecer por real decreto a normativa correspondente ao funcionamento do Fondo.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En tal sentido, esta norma responde á necesidade de evitar interpretacións diverxentes do marco normativo vixente. Coa dita norma dáse, así mesmo, resposta aos principios de seguridade xurídica e de transparencia de cara á cidadanía. No seu conxunto, a disposición contén a regulación imprescindible para atender esta necesidade e constitúe o medio máis adecuado para a consecución dun fin de interese xeral tendo en conta que resulta máis eficaz e eficiente contar cuns textos xurídicos claros que outros que poidan dar lugar a diversas interpretacións.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Política Territorial e Función Pública, da ministra de Facenda, da ministra de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xullo de 2020,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro.*

O Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«1. Son órganos de Goberno da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento:

- a) A Presidencia.
- b) O Consello Reitor.»

Dous. O número 3 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«3. A persoa titular da Dirección da Axencia suplirá a persoa titular da Presidencia da Axencia nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, así como nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación.»

Tres. O número 2 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Consello Reitor estará composto polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, que dirimirá co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.

b) Vogais:

1.º A persoa titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

3.º A persoa titular doutra dirección xeral do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, designada libremente pola persoa titular do Ministerio.

4.º Dous funcionarios do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, designados libremente pola persoa titular do Ministerio, con rango de subdirección xeral ou equivalente.

5.º A persoa titular da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

6.º A persoa titular da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

7.º Dous representantes do Ministerio de Facenda, con rango mínimo de dirección xeral, designados polo seu titular.

8.º En representación do persoal, dúas persoas designadas polas organizacións sindicais máis representativas da Administración xeral do Estado.

c) Secretaria: a persoa titular da Secretaría Xeral da Axencia, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.»

Catro. O número 3 do artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«3. Formarán parte da dita comisión a persoa titular da Presidencia, a persoa titular da Dirección da Axencia e unha terceira persoa designada polo pleno do Consello Reitor entre os seus membros. Actuará como Secretaría da dita Comisión, con voz pero sen voto, a persoa titular da Secretaría Xeral da Axencia.»

Cinco. O número 2 do artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«2. A persoa titular da Dirección terá a consideración de alto cargo, con rango de subsecretaría, de conformidade co previsto no artigo 1.2.d) da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, cos efectos que se recollen nela e aqueloutros que lle sexan aplicables en relación coa dita consideración.»

Seis. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. O Consello Asesor.

1. O Consello Asesor é o órgano consultivo da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

2. O Consello Asesor estará integrado por doce persoas, todas elas recoñecidas pola súa experiencia e coñecementos en campos relacionados coa cooperación internacional e o desenvolvemento. O seu nomeamento e cesamento será realizado pola persoa titular da Presidencia do Consello Reitor, para o que escoitará as propostas dos seus integrantes.

3. A Presidencia desempeñaraa a persoa titular da Presidencia da Axencia. A persoa titular da Dirección da Axencia suplirá a persoa titular da Presidencia da Axencia nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, así como nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación.

4. O Consello Asesor reunirse ao menos cunha periodicidade anual.

5. Os seus membros non serán retribuídos, ben que, se for o caso, terán dereito á indemnización dos gastos de viaxe, estadias e traslados que lles orixine a súa dedicación ao Consello, de acordo co Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1460/2009, do 28 de setembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.*

O Real decreto 1460/2009, do 28 de setembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«O presente real decreto ten por obxecto regular o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento (FCPX) (no sucesivo, o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento ou o Fondo), creado na disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008.»

Dous. O número 3 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«3. O Comité Executivo do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, estará composto polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional.

b) Vicepresidencia primeira: a persoa titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), que suplirá a persoa titular da Presidencia nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, así como nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación.

c) Vicepresidencia segunda: a persoa titular da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

d) Vogais:

1.º A persoa titular da Dirección de Cooperación para América Latina e o Caribe da AECID.

2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable, do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

3.º A persoa titular da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

4.º A persoa titular da Dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

5.º Unha persoa, con rango mínimo de subdirección xeral, en representación do Instituto de Crédito Oficial, designada pola persoa titular da Presidencia do Instituto de Crédito Oficial.

6.º A persoa titular da Xefatura do Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento da AECID que, ademais, desempeñará as funcións de secretaría do órgano.

7.º A persoa titular da Secretaría Xeral Iberoamericana, que asistirá ás reunións do Comité Executivo con voz pero sen voto.»

Tres. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para o asesoramento da Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento existe un consello asesor adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional.

2. O Consello Asesor está constituído por un máximo de corenta membros designados pola persoa titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, que o preside.

Forman parte do Consello Asesor persoas de recoñecido prestixio, españolas e iberoamericanas, expertas no ámbito da auga, o saneamento e os recursos hídricos.

Forman, igualmente, parte deste consello asesor representantes dos actores españois relacionados coa cooperación para o desenvolvemento no sector da auga. Entre estes, que suporán ao menos a metade dos membros, inclúiranse representantes de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e fundacións con ampla experiencia no sector da auga e saneamento, de operadores e xestores dos servizos de auga e saneamento, de organizacións empresariais, universidades, e da Administración pública relacionada co sector.

Exerce as funcións de secretaría e ponencia a persoa titular da Xefatura do Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.

3. O Consello contará, así mesmo, co asesoramento técnico da Secretaría Técnica Permanente (STP) da Conferencia de Directores Iberoamericanos da Auga (Codia).

4. Entre as súas funcións estarán: analizar e emitir ditames sobre as operacións que se realicen con cargo ao Fondo, así como asesorar e propor liñas de actuación á Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, con base nos obxectivos internacionalmente acordados nesta materia. Para isto, o Consello dotarase dun grupo de traballo de composición reducida que se reunirá con periodicidade trimestral, independentemente das reunións que, con carácter extraordinario, poida convocar a Oficina.

5. O Consello Asesor reunirse ao menos unha vez ao ano e o seu funcionamento someterase ás normas polas que se rexen os órganos colexiados, segundo o establecido na sección 3.ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 597/2015, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.*

Primeiro.

A disposición adicional terceira do Real decreto 597/2015, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional terceira. *Plan inicial de avaliacións.*

No primeiro semestre do ano 2021, a Oficina do Fonprode e a Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación definirán, conxuntamente, o primeiro plan de avaliacións bienal regulado no artigo 21 do regulamento aprobado por este real decreto.»

Segundo.

O Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 597/2015, do 3 de xullo, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«O obxecto deste regulamento é completar e concretar o marco xurídico establecido na Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento que debe guiar as actuacións relacionadas co Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (FCPX) (en diante, o Fonprode), así como regular o conxunto de accións encamiñadas ao desenvolvemento do Fonprode, como instrumento de cooperación ao desenvolvemento, cuxa finalidade é a erradicación da pobreza, a redución das desigualdades e inequidades sociais entre persoas e comunidades, a igualdade de xénero, a defensa dos dereitos humanos e a promoción do desenvolvemento humano e sustentable nos países empobrecidos.»

Dous. O número 2 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«2. O máximo órgano responsable da xestión do Fonprode é o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, quen exerce esta responsabilidade a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional (en diante, SECI) e a AECID, órgano ao cal se adscriben a Oficina do Fonprode e o Comité Executivo do Fonprode.»

Tres. A letra a) do número 2 do artigo 6 queda redactada do seguinte modo:

«a) Planificar, identificar e negociar as operacións susceptibles de recibir financiamento do Fonprode de acordo cos criterios establecidos na Lei 36/2010, do 22 de outubro. Cando a identificación implique institucións financeiras internacionais, esta levarase a cabo conxuntamente coa Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Para maximizar o impacto no desenvolvemento, a negociación destas operacións levarase a cabo tendo en conta a coherencia coa estratexia de España na institución correspondente.»

Catro. As letras l), m) e n) do número 2 do artigo 6 quedan redactadas do seguinte modo:

«l) Facilitar á Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a información necesaria para realizar a avaliación nos termos establecidos no artigo 21.

m) Facilitar á Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a información necesaria para cubrir as necesidades de información cuantitativa ou cualitativa, xurdidas dos requirimentos nacionais ou internacionais, como poden ser o informe ao CADE ou outros compromisos subscritos para a mellora da transparencia como o reporte á iniciativa internacional para a transparencia da axuda (IATI, nas súas siglas en inglés).

n) Elaborar, conxuntamente coa Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, o informe anual que o Goberno deberá remitir ao Congreso e ao Senado, a que se refire o artigo 12 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.»

Cinco. O número 1 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«1. O Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en diante, Comité Executivo) é un órgano adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a través da SECI.»

Seis. O número 3 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«3. O Comité Executivo do Fonprode terá a seguinte composición:

a) Presidencia: a persoa titular da SECI. A suplencia corresponderá á persoa titular da Vicepresidencia primeira en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, ou á persoa titular da Vicepresidencia segunda en caso de indispoñibilidade da anterior.

b) Vicepresidencia primeira: a persoa titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

c) Vicepresidencia segunda: a persoa titular da Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable, do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

d) Vogais, todos eles con voz e voto:

1.º A persoa titular da Dirección Xeral de Política Exterior e de Seguridade do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Nacións Unidas, Organismos Internacionais e Dereitos Humanos do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

3.º A persoa titular da Dirección de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento.

4.º Dúas persoas titulares de direccións da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, designadas pola Presidencia da Axencia.

5.º A persoa titular da Dirección Xeral de Diplomacia Económica do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

6.º A persoa titular da Dirección do Gabinete da SECI do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

7.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación do Gabinete da Presidencia do Goberno, designada polo seu titular.

8.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación do Ministerio de Facenda, designada polo seu titular.

9.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación do Ministerio de Educación e Formación Profesional, designada polo seu titular.

10.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación da Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, designada polo seu titular.

11.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, designada polo seu titular.

12.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, designada polo seu titular.

13.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, designada polo seu titular.

14.º A persoa titular da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

15.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación do Ministerio de Sanidade, designada polo seu titular.

16.º Unha persoa, con rango mínimo de dirección xeral, en representación da Secretaría Xeral de Innovación do Ministerio de Ciencia e Innovación, designada polo seu titular.

17.º Unha persoa, con rango mínimo de subdirección xeral, en representación do Instituto de Crédito Oficial, designada polo citado instituto de acordo cos seus procedementos internos.

18.º A persoa titular da Oficina do Fonprode, que actuará como Secretaría.

e) Unha persoa en representación da Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento (Cofides), con voz pero sen voto.»

Sete. A letra o) do número 3 do artigo 8 queda redactada do seguinte modo:

«o) Facilitar á Oficina do Fonprode e á Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a información necesaria para cubrir as necesidades de información cuantitativa ou cualitativa xurdidas dos requirimentos internacionais, como poden ser o informe ao CAD ou outros compromisos subscritos para a mellora da transparencia como o informe á iniciativa internacional para a transparencia da axuda (IATI, nas súas siglas en inglés).»

Oito. Os números 2, 3, 4 e 5 do artigo 11 quedan redactados do seguinte modo:

«2. Previamente á identificación dunha acción, a Oficina do Fonprode levará a cabo unha selección de posibles operacións que hai que identificar, tanto desde o punto de vista xeográfico como sectorial. Para levar a cabo este proceso, a Oficina do Fonprode consultará as unidades da AECID afectadas e a SECI. Neste proceso consultarase a unidade competente en materia de débeda externa, segundo a Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa. Froito deste proceso, a oficina elaborará unha lista de operacións que hai que identificar, incluída unha previsión de misións de identificación que hai que realizar ao longo do ano seguinte.

3. O proceso de identificación dunha acción iníciase por instancia da Oficina do Fonprode, con base nas previsións realizadas. Así mesmo, en virtude dos artigos 2.3.c) e 4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, a SECI poderá encargarse con cargo ao Fonprode, por propia iniciativa ou por proposta doutros órganos e unidades, a realización de asistencias técnicas e estudos de viabilidade co propósito de identificar operacións susceptibles de ser financiadas con cargo ao Fonprode, que deberán ser autorizadas polo Comité Executivo.

4. A identificación das operacións será realizada polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a través da SECI e da AECID, así como por Cofides. Para a identificación das operacións contarán co apoio das oficinas técnicas de cooperación e, se se considera necesario, tamén cos organismos multilaterais que operen nos sectores ou países identificados como prioritarios no Plan director da cooperación española. Cofides poderá requirir o apoio das oficinas económicas e comerciais no exterior segundo o procedemento que acorden a AECID e a Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Cando a identificación implique institucións financeiras internacionais, a identificación levarase a cabo conxuntamente coa Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

5. Durante o último trimestre de cada ano, a Oficina do Fonprode elaborará o catálogo a que se refire o artigo 6 da Lei 36/2010, do 22 de outubro. Este catálogo recollerá as operacións que se prevé elevar ao Comité Executivo, e posteriormente ao Consello de Ministros, durante o ano seguinte. En concreto, o catálogo comporase dos seguintes documentos:

- a) A lista de operacións que hai que identificar mencionada no número 2.
- b) Unha clasificación das operacións, incluídas as xa identificadas, que se van financiar con cargo ao Fonprode, cuxa elevación ao Comité Executivo do Fonprode se prevé realizar ao longo do ano seguinte, clasificadas por tipo de operación e zona xeográfica.
- c) Unha priorización das operacións previstas no catálogo establecida pola SECI.»



Nove. O número 6 do artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«6. A elevación ao Consello de Ministros da solicitude de autorización para operacións financiadas polo Fonprode corresponde á persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, nos termos recollidos na Lei 36/2010, do 22 de outubro. Terase en conta que no caso das operacións do artigo 3.1.e), f), g) e h) só poderán ser elevadas para a súa aprobación ao Consello de Ministros, logo de análise pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. A AECID, co apoio da Oficina do Fonprode, remitirá á SECI os expedientes correspondentes a cada unha das operacións que hai que elevar ao Consello de Ministros. Os ditos expedientes comprenderán toda a documentación facilitada ao Comité Executivo do Fonprode, así como o certificado emitido polo secretario do dito comité no cal conste a decisión tomada por este órgano.»

Dez. O número 1 do artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«1. A subscrición dos convenios, acordos de financiamento e demais documentación legal cos beneficiarios farase de acordo cos artigos 10, 11 e 14 da Lei 36/2010, do 22 de outubro. Con base nisto, os órganos competentes para a dita subscrición son:

- a) O Instituto de Crédito Oficial, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, en todos os casos excepto nos dous supostos seguintes b) e c).
- b) O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a través da SECI, cando se trate dunha operación prevista no artigo 3.1.b).
- c) O gobernador ou gobernadora por España na institución financeira internacional correspondente, conxuntamente coa SECI, cando se trate dunha operación prevista no artigo 3.1.d).»

Once. O número 3 do artigo 20 queda redactado do seguinte modo:

«3. Para o desenvolvemento das súas funcións, a Oficina do Fonprode manterá informadas e contará co apoio dos órganos competentes, en particular, as direccións da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, as embaixadas de España e oficinas técnicas de cooperación, a Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable e a Representación Permanente de España ante os organismos internacionais de desenvolvemento.»

Doce. O número 1 do artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«1. A Oficina do Fonprode e a Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación definirán, conxuntamente e con carácter bienal, un plan en que se recollan as avaliacións que se realizarán durante o dito período, así como os termos de referencia de cada avaliación. Habilítase o Comité Executivo para propor, así mesmo, á Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable a realización de avaliacións. Do resultado das avaliacións que a Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable decidise realizar darase coñecemento ao Comité Executivo do Fonprode antes de facerse público.»

Trece. O número 2 do artigo 23 queda redactado do seguinte modo:

«2. A Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sustentable do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación fará público a través do seu Portal da cooperación española os resultados das asistencias técnicas e das avaliacións realizadas sobre o Fonprode.»

**Disposición adicional única.** *Non incremento do gasto público.*

A aplicación do presente real decreto non poderá supor aumento neto dos gastos de persoal e o funcionamento dos órganos colexiados afectados será atendido cos medios actualmente dispoñibles de conformidade co artigo 21 do Real decreto lei 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

**Disposición derradeira primeira.** *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xullo de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO